



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 195/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3 DE AGOSTO DE 2017.

- 1.- Actas das sesións do 4, 6, 10, 13, 17, 20 e 21 de xullo de 2017.

ADMÓN. ELECTRÓNICA

- 2.- Proxecto de convenio con ABANCA Corporación Bancaria S.A. e VITRASA para o desenvolvemento dun proxecto de innovación tecnolóxica no proceso de implantación dun novo dispositivo móbil multifuncional que mellore os procesos de xestión para o uso dos diferentes servizos públicos municipais. Expte. 8267/113.

ALCALDÍA

- 3.- Proxecto de convenio coa Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia que haberá de rexer a concesión dunha subvención a favor desta para o desenvolvemento da actividade "Ruta Marítima o Cabaleiro das Cunchas" no ano 2017. Expte. 15075/101.

BENESTAR SOCIAL

- 4.- Proposta de concesión de subvención directa a UNICEF para a execución do Proxecto "Acceso á educación en Siria: Aprender no medio da destrución". Expte. 143342/301.

CONTRATACIÓN

- 5.- Proposta de adxudicación da contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello. Expte. 1165/330.

DEPORTES

- 6.- Autorización para a organización do evento deportivo "III Vigo Battle of Teams Summer 2017" os vindeiros días 4,5 e 6 de agosto de 2017. Expte. 16242/333.

INTERVENCIÓN XERAL

- 7.- Proposta de aprobación das contas xustificativas dos libramentos a xustificar. Expte. 102632/140.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 8.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación colectivo veciñal Curva de San Gregorio, para axudar ao financiamento dos gastos de mantemento e

alugueiro do local social, necesarios para a organización e desenvolvemento das actividades para o ano 2017. Expte. 7604/320.

PATRIMONIO

- 9.- Proposta de aprobación definitiva de prego de condicións administrativas e de concesión administrativa de uso privativo dos tres locais municipais do inmovible do núm. 46 da rúa Areal. Expte. 19963/240.
- 10.- Proposta de autorización ao “Cronista Oficial da Cidade” o uso temporal do despacho sito na 1ª planta do edificio municipal da rúa Areal nº 46 . Expte. 19973/240.

SEGURIDADE

- 11.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Seguridade e Mobilidade no 1º semestre do ano 2017. Expte. 102145/210.

SERVIZO AREA DE CULTURA

- 12.- Proxecto de convenio coa Federación de libeiros de Galicia para o financiamento do programa “Feiras do libro de Vigo” durante o exercicio 2017. Expte. 1318/330.
- 13.- Proxecto de convenio de colaboración coa Orquesta Clásica de Vigo relativo á achega do Concello para a organización do Programa de Concertos 2017. Expte. 1332/330.

SERVIZOS XERAIS

- 14.- Proposta de aprobación do Proxecto básico e de execución de humanización da rúa Colombia, Fase I. Expte. 3489/443.

URBANISMO

- 15.- Productividade pola encomenda de funcións de adxunta ao xefe de Desenvolvemento Urbanístico. Expte. 9994/407.
- 16.- Creación do Rexistro de Entidades Urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo. Expte. 5193/401.
- 17.- Rogos e preguntas.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 195/1102

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **3 de agosto de 2017, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Cayetano Rodríguez Escudero.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez